

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL NOVE.**

Na Casa Consistorial de Poio, ás vinte horas do vinte e sete de outubro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xose L. Martínez Blanco, Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, Miguel A. Martínez Nacemento, D<sup>a</sup> Irene Ligeró Iglesias e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia a Concelleira do BNG, D<sup>a</sup> Luz Senra Lorenzo; actuando a Secretaria Xeral do Concello D<sup>a</sup>. Paula Ramos Díaz. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extrarordinaria urxente convocada telefónicamente dada a causa e motivo da convocatoria e a necesidade de efectuar á maior brevedade posible pronunciamento da corporación ante o desgraciado acontecemento. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día

**3295.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Tendo todos os concelleiros presentes na sesión pleno coñecemento do pasamento do membro corporativo D. Miguel Anxo Pazos Barros, de conformidade co establecido no art. 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídicos das entidades locais, polo voto favorable dos quince concelleiros presentes, ratificouse a urxencia da convocatoria.

**3296.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE DUELO CON MOTIVO DO PASAMENTO DO CONCELLEIRO D. MIGUEL ANXO PAZOS BARROS, E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Toma a palabra o Alcalde e a súa proposta, gárdase un minuto de silencio na memoria do concelleiro falecido.

A continuación mostra o seu agradecemento a todos os presentes pola súa presenza na sesión e da lectura á seguinte declaración dos grupos políticos municipais:

"A corporación municipal do Concello de Poio integrada polos grupos políticos do BNG, PP e PSOE, manifestan o máis sincero pésame polo pasamento do compañeiro Miguel Anxo Pazos Barros, membros da corporación e concelleiro delegado de Deportes, falecido no día de hoxe..

Ante tan sentida perda transmitimos as nosas condolencias a toda a súa familia e amigos.

Desde a corporación municipal do Concello de Poio acórdase en Pleno extraordinario e urxente, celebrado o 27 de outubro as 20,00h a declaración de tres días de loito e suspensión de actos oficiais.

Queremos poñer de manifesto o noso agradecemento pola extraordinaria labor que durante estes anos Miguel Anxo desempeñou como concelleiro neste municipio".

Adoptado así o acordo por unanimidade dos concelleiros asistentes, e non habendo máis asuntos que tratar, o Alcalde levantou a sesión sendo as vinte horas e dez minutos do vinte e sete de outubro de dous mil nove.